

DIVISIBILIDADE: PROBLEMAS

- 1) Nunha estrada atopamos un hotel cada 24 km e un restaurante cada 32 km. Se agora pasamos dous deles xuntos, en cantos quilómetros volverán coincidir?
- 2) O bus de liña azul pasa por esta parada cada 20 min e o da liña verde cada 30 min. Se os dous pasaron xuntos ás dúas da tarde, a que hora volven coincidir?
- 3) Temos catro troncos que miden 24, 32, 40 e 56 m de longo. Queremos tranportalos e témolos que cortar en partes iguais e do maior tamaño posible. Canto medirá cada cacho dos troncos?
- 4) Queremos transportar 54 cans e 72 gatos en gaiolas iguais e coa maior capacidade posible, sen mesturar cans con gatos. Cantos animais collerán en cada gaiola?
- 5) Tres ciclistas adestran nunha pista cuberta. O primeiro tarda 20 s. en dar unha volta, o segundo tarda 24 s. e o terceiro 36 s. Se os tres saen á vez, en canto tempo volven coincidir os tres xuntos na liña de saída?
- 6) Un restaurante merca 70 l de aceite de oliva e 98 l de aceite de xirasol. Quere envasalos en garrafas iguais, da maior capacidade posible e sen mesturar. Cantos litros levará cada garrafa? Cantas garrafas necesita para cada tipo de aceite?
- 7) Un carpinteiro ten tres táboas de madeira que miden 810 mm, 720 mm e 600 mm. Quere aproveitelas e debe cortalas en partes iguais o máis longas posible sen que sobre madeira. Canto medirá cada anaco?
- 8) Tres barcos fan o mesmo servizo: o primeiro cada 10 días, o segundo cada 14 días e o terceiro cada 21 días. Se hoxe saíron os tres barcos, en canto tempo volven coincidir?
- 9) Un sastre ten tres pezas de tea que miden 120 m, 132 m e 84 m. Vai cortalas en cachos iguais e o máis longos posible sen malgastar tea. Canto medirá cada cacho?
- 10) Queremos dividir un terreno que mide 120 m por 180 m en parcelas cadradas iguais do maior tamaño. Canto medirá o lado de cada unha?
- 11) Nun taller mecánico escóitase o ruído dunha máquina cada 20 s. e o dun motor cada 45 s. Acabamos de escoitalos xuntos, en canto tempo volven coincidir os ruídos?

- 12) Queremos cubrir o chan dunha habitación que mide 4'40 m por 8'20 m con baldosas cadradas, iguais e do maior tamaño posible. Cal será a medida de cada baldosa?
- 13) Un cometa aproxímase á Terra cada 25 anos e outro cometa cada 60 anos. Ambos cometas pasaron xunto á Terra no ano 1925. En que ano volven estes cometas a pasar xuntos?
- 14) Un fruteiro ten 180 kg de mazás, 160 kg de laranxas e 120 kg de peras. Quere gardar a froita en caixas iguais, sen mesturar e do maior tamaño posible. Cantos quilos levará cada caixa? Cantas caixas necesita para cada froita?
- 15) O bus azul sae da estación cada 9 min, o bus vermello sae cada 15 min e o verde cada 10 min. Son agora as 10:30 h e saíron os tres buses xuntos. A que hora volven coincidir os tres na saída?
- 16) Temos un barril con 180 l de viño, outro con 135 l de auga e outro con 90 l de aceite. Queremos envasar todo en garrafas iguais do maior tamaño e sen mesturar. Cantos litros levará cada unha? Cantas garrafas necesitamos para cada cousa?